

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 018/04/2022.

Concelleiras e concelleiros presentes:

Alcalde-Presidente:

Secundino García Casal

Asistentes:

BNG:

María del Carmen Muiño Filgueira
Manuel Varela Mecías
Manuel Beceiro Couce
Amparo Calvo González

PP:

María Belén Trigo Meizoso
María Esther Díaz Vergara
José Luis Hermida Prieto

PSOE:

Lois Anxo Rodríguez Calvo

Secretario-Interventor:

Alfonso Manuel Alcalá Pérez

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as doce horas e trinta minutos do día dezoito de abril do dous mil vintedous, comparecen as concelleiras e concelleiros arriba indicados, en presenza do devandito secretario, para a celebración da sesión extraordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde en cumprimento do establecido no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro e no Regulamento Orgánico deste Concello.

Constatada a presenza dos membros deste órgano en quórum suficiente, iníciase a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PARTE RESOLUTIVA:

PRIMEIRO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (Nº2, ORDINARIA DE DATA 31.03.22).

Dase conta da acta da sesión Ordinaria celebrada polo Pleno o pasado día 31 de marzo de 2022, e non existindo obxeccións por parte dos concelleiros presentes, sométese de seguido a votación ordinaria, resultando aprobada por unanimidade.

SEGUNDO.- PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO DE ACEPTACIÓN DA TOMA DE POSESIÓN ANTE O PLENO DA CONCELLEIRA ELECTA DONA ARACELI BELLAS CASTRO.

O Sr. Alcalde manifesta que este punto non foi dictaminado na comisión correspondente, e por elo cumprindo co establecido no artigo 93 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais somete a consideración do Pleno a declaración de urxencia do mesmo para que poda ser debatido neste Pleno. Os Concelleiros presentes do grupo político do BNG (Dona María Muiño Filgueira, Don Manuel Varela Mecías, Dona Amparo Calvo González) e o Alcalde (Don Secundino García Casal), así como o representante do grupo político do PSOE-PSG (Don Lois Anxo Rodríguez Calvo), votan a favor da declaración de urxencia (en total, 6 votos a favor); en tanto que os representantes do grupo político do PP (Dona María Belén Trigo Meizoso, Dona María Esther Díaz Vergara y Don José Luis Hermida Prieto) se absteñen sobre a declaración de urxencia (en total, 3 abstencións), **polo que queda aprobada a declaración da urxencia**, e de seguido se pasa a consideración deste punto do orden do día.

Consta no expediente a seguinte proposta da Alcaldía, que literalmente dí:

“ANTECEDENTES

1º.- A Concelleira Dona Ana Belén Breixo Gundín presentou por rexistro a súa renuncia voluntaria ao cargo con data de 28.03.2022.

2º.- O Sr. Alcalde, mediante providencia de 28.03.2022, tras constatar que a persoa seguinte nas listas presentadas ás eleccións municipais de maio de 2019 polo partido do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO é a Sra. Dona Araceli Bellas Castro, segundo a publicación do BOP nº 77 de data 24 de abril de 2019 (folla nº 42), dispoñe que polo Secretario-Interventor se emita informe relativo ao procedemento para tramitar a substitución da indicada concelleira.

3º.- Polo Secretario-Interventor se emite informe con data de 28.03.2022, no que se sinala os trámites a seguir tanto para a efectividade da renuncia de Dona Ana Belén Breixo Gundín coma para o procedemento a seguir para a súa substitución por Dona Araceli Bellas Castro.

4º.- Con data de 31.03.2022 o Pleno adoptó o acordo da toma de coñecemento da renuncia ao cargo de concelleira deste Concello realizada por Dona Ana Belén Breixo Gundín, dispoñendo a comunicación de tal acordo á Xunta Electoral Central para que remita as credenciais de DONA ARACELI BELLAS CASTRO, seguinte na lista das persoas que concorreron ás últimas eleccións municipais polo partido do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG), para que poida tomar posesión do seu cargo.

5º. Con data de 4.04.2022 pola Alcaldía se remitiu oficio á Xunta Electoral Central al que se acompañou o certificado do Sr. Secretario-Interventor da mesma data do acordo adoptado polo Pleno, en sesión ordinaria de data 31.03.2022, sobre a toma de razón da renuncia ao cargo de concelleira formulada por Dona Ana Belén Breixo Gundín.

6º.- Con data 12 de abril de 2022 o Sr. Secretario-Interventor expide a certificación que literalmente dí:

“ALFONSO MANUEL ALCALÁ PÉREZ, Secretario-Interventor del Excmo. Concello de San Sadurniño, do que é Alcalde-Presidente D. Secundino García Casal,

CERTIFICO:

1º.- Que con data de 8 de abril de 2022 o Presidente da Xunta Electoral Central, D. Miguel Colmenero de Luarca, enviou ao correo electrónico do Secretario-Interventor deste concello a CREDENCIAL DE CONCELEIRA do Concello de San Sadurniño, expedida a favor da Sra. **DONA ARACELI BELLAS CASTRO** na data de 7 de abril de 2022 (Rexistro de saída da Xunta Electoral Central nº 1.082, de data 7 de abril de 2022), por estar incluída na lista de candidatos presentada polo BLOQUE NACIONALISTA GALEGO ás eleccións locais de 26 de maio de 2019, en substitución, por renuncia, de DONA ANA BELÉN BREIXO GUNDÍN.

2º.-Que **DONA ARACELI BELLAS CASTRO** recolleu a credencial de concelleira deste Concello, que lle foi entregada polo Secretario-Interventor, ás 13 horas e 6 minutos do día 11 de abril de 2022.”

7º.- A toma de posesión do cargo de Concelleira do Concello de San Sadurniño por parte de DONA ARACELI BELLAS CASTRO, ha de facerse ante o PLENO desta Corporación, debendo prometer o xurar o cargo de acordo coa fórmula establecida polo Real Decreto 707/1979, de 5 de abril, polo que ha de preguntarse a Dona ARACELI BELLAS CASTRO **“se xura o promete pola súa conciencia e pola súa honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira do Concello de San Sadurniño, con lealdade ó Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”**; onde a resposta afirmativa determinará a plena efectividade da toma de posesión como concelleira do Concello de San Sadurniño por parte de DONA ARACELI BELLAS CASTRO.

8º.- Da toma de posesión do cargo, así como do acordo do Pleno haberá que dar conta seguidamente a Xunta Electoral Central.

Por lo exposto e en virtude da competencia que me outorga a lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réximen Local,

PROPOÑO AO PLENO

ACEPTAR A TOMA DE POSESIÓN ANTE O PLENO DA CONCELEIRA ELECTA DONA ARACELI BELLAS CASTRO, TRAS A SÚA ACEPTACIÓN E XURAMENTO O PROMESA DO



CARGO DE CONCELEIRA DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO CONFORME AO PROCEDEMENTO QUE SE DESCRIBE NESTA PROPOSTA."

O Sr. Alcalde concede a palabra ao Secretario do Concello que solicita da Sra. Dona Araceli Bellas Castro a credencial correspondente, e despois da comprobación da súa identidade e da credencial mesma, procede en cumprimento do establecido no Real Decreto 707/1979, de 5 de abril, a preguntarlle á concelleira electa **"se xura o promete pola súa conciencia e pola súa honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira do Concello de San Sadurniño, con lealdade ó Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado", o que a Sra. Dona Araceli Bellas Castro resposta: " Sí prometo, por imperativo legal; e comprométome a defender os intereses xerais do Concello de San Sadurniño e do pobo galego".**

Polo Sr. Secretario maniféstase que dita resposta positiva cumpre coa legalidade vixente e polo tanto queda formalizado o acto da toma de posesión do cargo de concelleira do Concello de San Sadurniño por parte de Dona Araceli Bellas Castro.

En consecuencia, o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidad dos presentes, acorda aceptar a toma de posesión de Doña Araceli Bellas Castro como concelleira deste Concello en substitución de Dona Ana Belén Breixo Gundín, tras a súa renuncia voluntaria.

Acto seguido o Alcalde dá a benvida á nova concelleira e sen mais asuntos que tratar levántase a sesión sendo as doce horas e coarenta e cinco minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O Alcalde-Presidente.

Secundino García Casal.

O Secretario-Interventor.
Alfonso M. Alcalá.